



19/03/2019

Cook Trends, a zona de restauración do Fórum Gastronómico A Coruña 2019

Estarán na galería de cristal de ExpoCoruña entre o 10 e o 12 de marzo

O Fórum Gastronómico A Coruña 2019, que se celebrará do 10 ao 12 de marzo en ExpoCoruña, contará cun grande espazo de restauración formado por un total de 12 *food trucks*. Os visitantes do Fórum poderán degustar distintas opcións cunha oferta gastronómica para todos os gustos.

Un ano máis, a oferta de restauración reunirá os ingredientes principais do Fórum: gastronomía con valores. No espazo **Cook Trends** ofrecerán os seus mellores produtos un grupo de *food trucks* seleccionados con xeito. O obxectivo é que o visitante que vaia ao Fórum atope nas distintas propostas de comida sobre rodas variedade e calidade, e poderse comer ou degustar segundo os seus gustos.

Os participantes serán: Café Siboney cos cafés máis selectos; Bico de Xeado, con xeados e gofres artesáns; Laconlover coa cociña do Lacón de Galicia; Pulponeta co mellor polbo; Hermes Journey con bocadillos de autor; De La Piccola con pizzas artesananas en forno de leña; Medrar Tierra con cociña vegana e vexetariana; Sushimakers con xaponesa e nikkei con peixe de Galicia; Galetruck con hamburguesas de tenreira ecolóxica de Galicia; Showcooking con produtos locais; Josmaga con arroces e tortillas; e unha barra de Estrella Galicia.

Fórum Gastronómico A Coruña 2019 será unha vez máis unha cita obrigada para os profesionais da gastronomía e tamén para o público gourmet e conta co apoio de Estrella Galicia como patrocinador principal ademais de Cabreiroá, Fagor, Callebaut ou Pujadas, e o soporte técnico de Makro, Abril, Josmaga, Instituto Galego do Viño, Tawi, Bragard ICC, Gadis, Sargadelos, Sannic, KitchenAid ou Audi Arrojo, entre outros.

Nado no 1999, o Fórum Gastronómico celebra este 2019 os seus **20 anos** de andaina. Actualmente conta con tres sedes, Girona, Barcelona e A Coruña.

Máis información: www.forumcoruna.com

Para máis información:

Nati Palomo
Responsable de Comunicación
T. 660 59 31 22